

O CARBALLIÑO – LEIRO

27 MAIO 2023

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



Ademais dun entorno natural impresionante, ríos, fragas, carballeiras, bosques de ribeira, viñedos... A ruta conta cunha gran cantidade de elementos etnográficos e patrimoniais. Imos describilo citando, por orde, algúns dos seus elementos máis destacados.

No parque do Carballiño cruzamos á outra beira por unha curiosa ponte de madeira con templete, cara ao camiño fluvial que transcorre por pasarelas e un sendeiro paralelo ao río, no que podemos ver algúns muíños tradicionais.

En A Ponterriza existe un fermoso cruceiro (podería ser un dos máis antigos de Galicia). Na súa parte baixa podemos ver un gran relevo de formas arcaicas, representando a Santa Bárbara e San Antonio e xusto enriba o dragón e a serpe. A carón do cruceiro hai unha fonte cun lavadoiro tamén centenario. Nas proximidades atópase a ponte medieval, que comunica os concellos de Boborás e O Carballiño, propiedade do Conde de Ribadavia, que cobraba unha peaxe aos arrieiros que a cruzaban. Saíndo de A Ponterriza, podemos ver un grupo de cabazos e máis adiante un desvío que nos conduce a unha fonte termal.


En Moldes está a igrexa parroquial de San Bieito de estilo barroco, e ao seu carón o campo da feira, a escola municipal e a casa de Manuel Chamoso Lamas. Preto de alí hai dous pazos: o de Moldes (onde viviu Antón Losada Diéguez) e o seu carón o pazo dos Tizón onde se atopa a Adegas Extramundi. Ascendendo dende o campo da feira destaca a igrexa de S. Mamede de Moldes “Monumento Histórico Nacional” que se asenta no cume dun antigo castro, construída no S. XII e comezos do XIII, é románica de nave rectangular. Na fachada principal ábrese unha decorada e fermosa portada románica. No seu interior atópase enterrado o insigne guía da Xeración NOS, Antón Losada Dieguez, e nun dos panteóns exteriores do cemiterio descansan os restos do ilustre historiador e arqueólogo Manuel Chamoso Lamas. Na mesma parroquia e no máis profundo do val do río Arenteiro, atoparemos un conxunto histórico espectacular, trátase dos restos do castelo de Castro Cavadoso (destruído polos irmandiños) e a ponte do mesmo nome, a tan só uns metros dos restos do Castelo.

Na parroquia de Cabanelas o pazo dos Mora e a ermida da Concepción (Cimadevila), A igrexa de S. Xoan e o barrio de Fondodevila, Pazos de Arenteiro “Ben de Interese Cultural” é un dos conxuntos etnográficos mellor conservados de Galicia, que ademais, dispón de todos os elementos típicos da arquitectura tradicional galega: pazos (Pazo dos Feixóo, Pazo dos Cervela, Pazo de Dona Elisa, Pazo da Encomenda), unha igrexa do século XII, de orixe románico pero con engadidos góticos, en perfecto estado de conservación, e dúas pontes de orixe medieval, a Ponte do Santo Sepulcro, chamada así pola cruz esculpida en relevo na súa arcada maior, e a Ponte da Cruz, sobre o río Avia, máis antiga e próxima á desembocadura do Arenteiro. Dende a primeira ponte parte o roteiro que leva á fervenza do Pozo dos Fumes.

Saíndo de Pazos por estreitas corredeiras, agochada nun espeso bosque, atopámonos a aldea deshabitada de Viñoá, con abundantes edificacións en ruínas, cubertas de musgo e árbores, quelle confiren unha atmosfera máxica.

Ao entrar en Lebosende vémonos rodeados de viñedos, estamos en pleno Ribeiro. Aquí atópase a igrexa parroquial de S. Miguel de estilo románico con modificacións do S. XVI.

Chegamos ao noso destino, Leiro, e despois de tomar a cerveciña de rigor, dirixímonos ao paseo fluvial, cruzamos unha pasarela sobre o río Avia e a poucos metros agárdanos o autobús.



DATOS BÁSICOS

COMEZO: Parque de O Carballiño

REMATE: Paseo fluvial de Leiro

DISTANCIA LINEAL: 20 km aprx.

DURACIÓN APROXIMADA: 5 horas

DIFICULTADE: Media

DESNIVEL ACUMULADO DE SUBIDA: 495 m

DESNIVEL ACUMULADO DE BAJADA: 785 m

PRÓXIMA RUTA:

RUTA DA LIBERDADE E RIO BARBEIRA

17 XUÑO